

TALLER DE ESTADÍSTICA NO IES DE CACHEIRAS

A análise de datos e a estatística constitúen a base de moitos proxectos matemáticos e científicos de grande importancia nos nosos días. Esta parte das matemáticas con frecuencia é tratada nas aulas de forma esquemática e sen desenvolver todo o seu potencial práctico. Co fin de resolver este problema vemos necesaria a creación do TALLER DE ESTADÍSTICA DO IES DE CACHEIRAS.

O alumnado percibe as matemáticas como unha materia complicada, aburrida e afastada da súa vida cotiá. Neste taller, mediante o traballo colaborativo por proxectos, intentaremos romper todos estes prexuízos.

Partindo dun tema que elixe o propio alumnado, elaboraremos unha investigación estatística na que aprenderán todas as fases destes estudos, finalizando coa elaboración dun informe e a súa defensa en público ante un xurado.

ESTRUTURA DO TALLER:

- Reunións todos os mércores de 15.00-17.00 (quedaremos a comer no instituto).
- Desenvolvemento por equipos dun ou varios proxectos de investigación estatística.
- Presentación dos traballos ao concurso Incubadora de sondaxes e experimentos de SGAPEIO.
- No caso de ser seleccionados, defensa do proxecto ante un xurado na Fase autonómica do concurso.
- No caso de resultar gañadores da Fase autonómica, desprazamento ao lugar de España no que se celebre a Fase Nacional para representar á Comunidade de Galicia.

As profesoras que imparten o taller, Olga Simón e Trinidad Pazos, levan desde o 2016 elaborando proxectos de estatística en diferentes centros educativos. Todos os proxectos participaron no Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos organizado por SGAPEIO, obtendo sempre moi bos resultados.

O alumnado que elaborou estes traballos acadou coñecementos no ámbito da estatística moito máis amplos que os dos seus compañeiros/as e comprendeu a utilidade e aplicación práctica desta rama das matemáticas dunha maneira que non sería posible no desenvolvemento habitual das clases. Ademais, conseguiu unha maior formación en TIC, desenvolveu o pensamento crítico e adquiriu coñecementos sobre outras materias e ámbitos que nunca relacionara antes coas matemáticas.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o 30 de setembro.

COMEZO DO TALLER: mércores 5 de outubro de 15.00-17.00 (o alumnado comerá na cafetería do centro xunto coas súas profesoras)